

“ESPAZO INFANTIL ABERTO” DO CONCELLO DE LALÍN

1. FUNDAMENTACIÓN

O “**Espazo infantil aberto**” é un programa de apoio á conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar.

Trátase dun espazo complementario á escola e á familia guiado por profesionais cualificadas, no que nenos e nenas de entre 3 e 12 anos continúan o seu proceso de socialización, a través da realización de diferentes actividades de carácter lúdico-educativo, en horario extraescolar e períodos vacacionais.

Os obxectivos principais deste servizo son:

- Prestar apoio ás unidades familiares con menores a cargo, que teñen dificultade para proporcionarlle unha atención axeitada, por diferentes causas: incompatibilidade co horario laboral, familias monoparentais,... e que non dispoñen doutros recursos ou servizos alternativos.
- E facilitar a inserción e/ou permanencia no mercado laboral prioritariamente das mulleres que teñan dificultades para conciliar a vida persoal, familiar e laboral.

Poderán ser persoas beneficiarias:

- Mulleres traballadoras ou incluídas en programas de inserción laboral, que teñan ao seu cargo menores de entre 3 e 12 anos, e non poidan acceder a outros servizos especializados existentes.
- Homes traballadores a cargo de familias monoparentais, cando lles asistan as circunstancias recollidas no punto anterior.

2. UBICACIÓN

O “Espazo Infantil Aberto” do Concello de Lalín está ubicado na rúa,

**Manuel Rivero, nº 5
36500 Lalín (Pontevedra)
Telf.: 677.05.67.29**

3. OBXECTIVOS

- Favorecer o desenvolvemento integral (cognitivo, psicomotor, afectivo e social) dos menores nun entorno lúdico.
- Estimular as relacións coas outras persoas, grupo de iguais, educadoras e familias.
- Axudar aos menores a desenvolver a súa imaxinación e creatividade mediante o xogo.
- Favorecer o traballo en equipo e o respecto mutuo.
- Potenciar a convivencia nun clima de respecto mutuo.
- Detección precoz de condutas inaxeitadas (agresividade, illamento, chamadas de atención,...) desenvolvendo estratexias para reconducilas e modificalas axeitadamente.

4. USUARIOS / AS

Os usuarios/as do “Espazo infantil aberto” serán nenos e nenas de idades comprendidas entre **3 e 12 anos**.

5. HORARIOS

O “Espazo infantil aberto” abrirá de luns a venres no seguinte horario:

5.1. Horario curso escolar (setembro-décembro):

Tarde: 14:00- 21:00 horas.

*Incluídos os días laborais non lectivos.

5.2. Horario vacacións:

Quenda de mañá: 7:30- 14:30 h

Quenda de tarde: 14:30- 21:30 h.

***Na solicitude deberá especificarse a quenda elixida.**

*** As solicitudes faranse nun tempo non inferior a tres horas e tres días á semana, e non superior a 7 horas e cinco días á semana.**

6. SOLICITUDES

As datas de solicitude do ESPAZO INFANTIL ABERTO faranse nos prazos establecidos, especificándose si demanda o servizo no período de vacacións (xullo, agosto e setembro), nas datas do curso escolar, ou en ambas as dúas.

Nas solicitudes do servizo en vacacións de Nadal, terán preferencia os/as menores que asistan ao longo do curso escolar, tendo que notificar a quenda horaria elixida con quince días de anticipación.

Con carácter xeral, o prazo de presentación de solicitudes estará aberto ao longo de todo o ano.

7. CRITERIOS DE ADMISIÓN

O “Espazo infantil aberto” dispón de **20 prazos**.

Aquelas persoas que cumpran os requisitos para ser beneficiarias deste servizo deberán:

Formalizar a **solicitude** en base ao modelo normalizado **Anexo I**, que se poderá recoller na Oficina de Igualdade ou no Rexistro Xeral do Concello, e achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante e do seu cónxuxe, se é o caso.
- Fotocopia do libro de familia.
- Certificado de empadramento e convivencia.
- Xustificante de ocupación ou desemprego.
- Comprobante do motivo polo que se solicita o servizo.
- Certificado de minusvalía.
- Xustificante de ingresos da unidade familiar.
- Outros.

Unha vez formalizada a preinscrición, aplicaráselle a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración a realizar polo equipo coordinador do servizo: concelleira de igualdade, un/ha técnico/a de igualdade e unha técnica da área de emprego.

A selección de solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no **Anexo II**, no que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais de cada unidade familiar, unha vez baremadas, o equipo coordinador elevará a proposta de selección á Xunta de Goberno Local, que aprobará a selección definitiva e a lista de espera coas correspondentes puntuacións.

8. LISTA DE AGARDA

Resoltas as solicitudes e cubertas a totalidade das prazas, establecerase unha lista de agarda para cubrir posibles baixas.

A lista de agarda estará constituída polas solicitudes que non obteñan praza na primeira convocatoria, máis as solicitudes formuladas con posterioridade ao prazo inicial, ordenadas segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.

As vacantes que se vaian producindo serán cubertas por rigorosa orde de puntuación.

9. CONDICIÓN S DE BAIXA DO/A USUARIO / A

O servizo quedará suspendido:

- A petición da persoa solicitante.
- Pola falla de colaboración da usuaria / familia.
- Por incumprimento das normas de uso e convivencia do servizo.
- Cando un/ha menor teña repetidas faltas de asistencia (un máximo de 5/ mes) sen xustificar, procederase a baixa da mesma.
- Cando desaparezan as causas que motivaron o acceso ao servizo.

10. NORMAS DE CONVIVENCIA

- O horario de entrada e saída de cada menor será o elixido pola familia en función das súas necesidades. Este horario deberá respectarse. En casos excepcionais poderán modificalo, previo aviso.
- O número máximo de horas de permanencia do/a menor no “Espazo infantil aberto” variará tendo en conta a situación laboral da familia, e nunca excederá as 7 horas diarias.
- As entradas e saídas faranse puntualmente de acordo co horario elixido.
- As entradas e saídas serán vixiadas polas educadoras.
- O/As menores só poderán saír do centro coa súa familia ou cunha persoa autorizada.
- O tempo de recreo no patio será supervisado polas educadoras.
- O/As menores enfermo/as non poderán acudir ao “Espazo infantil aberto”. A súa enfermidade podería empeorar, e existe perigo de contaxio aos outros nenos/as.
- No caso de que presenten febre ou calquera outra indisposición avisarase á familia para que acudan a recollelos.

- O centro debe ser informado se algún menor non pode tomar algún alimento, padece alerxia ou outras enfermidades ou afeccións que deberían seren comunicadas.

11. DEREITOS E DEBERES DE USUARIOS E USUARIAS

11.1.- Dereitos:

- Os que reconece a Constitución Española, os Tratados Internacionais e os demais dereitos garantidos polo Ordenamento Xurídico.
- Facer uso do “Espazo infantil aberto” disfrutando dos seus bens e servizos.
- Que a súa estancia no centro se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Que se respecte a súa integridade e dignidade persoal; non poden ser obxecto de tratos vexatorios nin degradantes ou que supoñan un menosprezo da súa integridade física e moral.
- Ao desenvolvemento das súas capacidades intelectuais, da súa afectividade, autonomía persoal e da capacidade de relación coas demais persoas.
- Manifestar as súas inquedanzas e propostas.

11.2.- Deberes:

- Respecto aos demais usuarios/as do “Espazo infantil aberto”, así como ás educadoras.
- Facer un uso correcto dos bens e servizos do “Espazo infantil aberto”.
- Cumprir co Regulamento de uso do “Espazo infantil aberto”.

12. DEREITOS E DEBERES DAS FAMILIAS

12.1.- Dereitos:

- As familias teñen dereito a ser informadas do desenvolvemento de seus fillos/as.
- Ao longo do curso poderán entrevistarse coas educadoras tantas veces como consideren oportuno, manifestando as súas inquedanzas e suxestións.

12.2.- Deberes:

- Deben prestar apoio, colaboración e respecto ás tarefas que desempeñan as educadoras.
- Deben facilitar todo tipo de información ou datos relativos ao seu fillo/a que poidan ter relevancia na súa estancia no “Espazo infantil aberto”.
- Deben poñer en coñecemento das educadoras se os seus fillos ou fillas non van acudir ao servizo.

13. DEREITOS E DEBERES DAS EDUCADORAS

13.1.- Dereitos:

- Dereito a exercer a súa función empregando os métodos pedagóxicos que considere máis axeitados para lograr o desenvolvemento integral de menores.
- Dereito a intervir en canto afecte á vida, actividade e disciplina do centro.
- Dereito a participar en asociacións, grupos de traballo, seminarios permanentes, etc., que teñan como finalidade a mellora e o reciclaxe profesional.

13.2.- Deberes:

- Deben de cooperar no mantemento da orde.
- Velar polo cumprimento e bo uso do material e instalacións do centro.
- Respetar a personalidade dos menores, sabendo escoitar, comprender e axudar.
- Non facer distincións entre menores, fomentando o principio de igualdade, respecto e tolerancia.
- Manter contactos periódicos coas familias.

14. EQUIPAMENTO, XOGOS E XOGUETES

No que se refire a equipamento, mobiliario, materiais lúdico-educativos, xogos, xoguetes,... cumprarán e garantirán todas as medidas de seguridade e hixiene.

15. PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN CON MENORES ACCIDENTADOS

Para pequenos percances empregarase o botiquín do centro para curar a ferida. Se o accidente reviste maior gravidade chamarase inmediatamente á familia, ao tempo que unha das educadoras informará ao centro médico, para o asesoramento no procedemento de actuación máis axeitado.

16. TARIFA DE PREZOS PÚBLICOS

	3 DÍAS	4 DÍAS	5 DÍAS
3 HORAS	25,20€	33,60€	42€
4 HORAS	33,60€	44,80€	56€
5 HORAS	42€	56€	70€
6 HORAS	50,40€	67,20€	84€
7 HORAS	58,80 €	78,40 €	98€

DESCONTOS		
Cando asistan varios irmáns	20 %	2º irmán
	Exento	3º irmán e seguintes

17. FORMA DE PAGO

A liquidación do prezo público practicarase por meses naturais e deberanas aboar as persoas interesadas, na forma que determine o Concello.

Nos casos de que o ingreso ou a baixa non sexa en mes natural, farase o abono correspondente ao número de días dos que dispuxera do servizo.

18. INFRACIÓNS E SANCIÓN S

En materia de infraccións e sancións axustarase ao disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementa e a desenvolvan.

Lalín, 10 de xuño de 2008